

## Teses de Viena sobre política lingüística –

### 11+1 medidas para fortalecer a participación social

As teses de Viena sobre política lingüística foron elaboradas por un grupo internacional de expertos (prema o [enlace](#)) con motivo do XVII. Congreso Internacional de Profesorado de Alemán en Viena ([IDT 2022](#)). Foron presentadas no marco da IDT 2022 e aprobáronse no acto de clausura o 20 de agosto de 2022. As teses van dirixidas tanto ao ámbito político como ao científico e foron pensadas baixo o lema do congreso [\\*mit.spache.teil.haben](#).

O principal obxectivo da aprendizaxe e ensino de linguas e dunha formación lingüística vencellada á aprendizaxe especializada é o desenvolvemento da competencia discursiva, que posibilita e impulsa a participación responsable nos procesos de toma de decisións e a participación igualitaria na sociedade.

1. A aprendizaxe do alemán dáse nunha **sociedade multilingüe**, na que o propio alumnado aporta ao ensino experiencias e competencias plurilingües e multiculturais que cómpre ter en conta. Unha política lingüística que tome en consideración os recursos sociais e individuais, así como as perspectivas e as realidades globais e rexionais, debe contribuír nesta liña. A heteroxeneidade lingüística e cultural da sociedade debe reflectirse na elaboración de material educativo e na oferta formativa, nos currículos, na selección dos contidos didácticos, na formación básica, no perfeccionamento e na formación continuada, así como na investigación.
2. As **cooperacións internacionais** deben facilitarse e promoverse tanto a nivel financeiro como estrutural. Teñen especial éxito cando todas as partes son iguais e a cooperación se sostén nun intercambio aberto e transparente, para o que deben proporcionarse as condicións marco axeitadas. As asociacións profesionais do alemán como lingua estranxeira e/ou segunda lingua precisan dun grande apoio e recoñecemento para que poidan desenvolver o seu labor de intercambio e transferencia de coñecemento desde unha posición reforzada.
3. O principio reitor da aprendizaxe e do ensino do alemán debe ser a idea do **empoderamento**, é dicir, a construción dunha competencia lingüística baseada, desde o comezo, na aprendizaxe e na participación social e laboral autodirixida. Cómpre atender os diferentes intereses e necesidades dos estudantes cunha oferta variada e axeitada á demanda. Non son “recursos humanos”, senón que deben ser vistos e protexidos como suxeitos na súa dignidade humana. Isto é válido tanto para o ensino do alemán con fins específicos como para a formación de adultos, así como para o ensino e a aprendizaxe de idiomas en xeral.
4. Os repertorios lingüísticos poden facilitar a participación nos procesos sociais. Por iso, a formación lingüística en contextos migratorios debe contemplar as **realidades** das **persoas emigrantes** e as súas necesidades profesionais e cotiás. Os coñecementos de idiomas deben disociarse de cuestións relativas ao dereito de residencia e non deben esixirse como requisito fundamental para o acceso ao mercado de traballo ou para a obtención de prestacións sociais. Non se debe usar a lingua como instrumento de discriminación.
5. O **ensino do alemán nas escolas** a nivel mundial debe deseñarse de xeito que o **repertorio lingüístico completo do alumando** se poida utilizar como recurso. Debe poder entrelazarse o ensino de idiomas en xeral co ensino especializado e, á vez, posibilitar a transmisión de competencias transversais. Os currículos e os obxectivos da aprendizaxe deben formularse en consecuencia. Así mesmo, o desenvolvemento da linguaxe e a formación lingüística deben realizarse de forma **continuada**, desde a formación preescolar ata máis aló do período de escolarización.

6. No contexto da educación superior, deben ampliarse os **programas estatais de bolsas e de apoio á investigación** para aumentar a mobilidade e as oportunidades de cooperación de estudantes, docentes e investigadores, que contribúen de xeito significativo a unha aprendizaxe de linguas frutífera. Deben ter acceso ás opcións de estudo e investigación desexadas, con independencia do seu nivel socioeconómico, en especial para a realización de estancias nos países de fala alemá.
7. A política (educativa) non debe absorber ou restrinxir a **investigación**. Cómpre que a súa **liberdade e diversidade** quede asegurada na materia de alemán como lingua estranxeira ou segunda lingua (DaF/DaZ). A política (educativa) debe ter en conta os resultados da investigación en DaF/DaZ e aplicarlos nas políticas correspondentes. Deben fomentarse o traballo transdisciplinario e internacional no eido da investigación, así como a apertura da comunicación científica á comunidade científica global e ao público en xeral.
8. O **profesorado** de todo o mundo deben ter acceso a **ofertas de elevada cualificación** que cumpran altos estándares de calidade e teñan en conta os últimos avances na materia, así como as diferenzas rexionais e institucionais nas respectivas culturas de aprendizaxe e ensino. As distintas condicións financeiras non deben supoñer un impedimento. A participación nas ofertas de cualificación debe fomentarse por todos os medios posibles e debe recoñecerse e valorarse nos respectivos contextos profesionais.
9. É preciso mellorar as **condicións de traballo do profesorado**, tanto nos centros escolares como doutro tipo. Cómpre garantir unha remuneración axeitada, un equilibrio entre as horas de aulas e o tempo de preparación e seguimento, así como unhas relacións laborais con perspectivas a longo prazo e posibilidades de cualificación.
10. A **transformación dixital** abriu unha grande diversidade de novas posibilidades para a aprendizaxe e o ensino de linguas, por exemplo, no ensino presencial, na aula virtual ou nas fases de aprendizaxe autónoma. A dixitalización facilita tamén a cooperación internacional nos ámbitos da investigación e da política lingüística. Con todo, as ofertas dixitais non poden substituír o intercambio que ten lugar en encontros físicos e non poden levar á redución dos recursos humanos in situ. Para que a dixitalización non intensifique as disparidades xa existentes, é preciso garantir o acceso ao mundo dixital para todos, por exemplo, en forma de equipamento técnico axeitado e de ofertas de formación continuada.
11. A aprendizaxe da lingua alemá enténdese como formación lingüística que abrangue tamén a aprendizaxe estética e reflexiva cultural, e permite, ao mesmo tempo, o debate sobre estilos de vida sostibles, dereitos humanos e igualdade de xénero. A aprendizaxe de linguas debe promover unha **cultura da paz e non violencia**, así como a apreciación da diversidade cultural, por medio do desenvolvemento da competencia discursiva. Así, a aprendizaxe de linguas contribúe ao **desenvolvemento sostible** e ao fortalecemento dunha actitude cosmopolita.

A **política lingüística** debe establecerse como un **ámbito político autónomo**, que se sitúe en igualdade no debate con outros campos da política, e non debe ser considerada, como ata o de agora, como unha materia transversal. O establecemento e configuración da política lingüística como ámbito político independente é unha tarefa tanto dos Estados individuais como de institucións e redes supranacionais e non gobernamentais, entendida sempre desde a base do multilingüismo social e individual e da participación.

Data: 20 de agosto de 2022

Citar como: Grupo de Traballo sobre Teses de Política Lingüística (2022): Teses de Viena de Política Lingüística. Aprobadas no marco da IDT 2022 – XVII Congreso Internacional de Profesorado de Alemán.

Online: <https://www.idt-2022.at/site/dieidt/sprachenpolitischethesen>

Membros do Grupo de Traballo: Rudolf de Cillia, Anna-Katharina Draxl, Renate Faistauer, Thomas Fritz, Matthias von Gehlen, Monika Janicka, Matthias Jung, Puneet Kaur, Liana Konstantinidou, Inger Petersen, Sandra Reitbrecht, Julia Ruck, Hannes Schweiger, Brigitte Sorger, Thomas Studer

---

Tradución ao galego: Montserrat Bascoy Lamelas (Universidad de Alcalá)